

*O Día Meteorolóxico Mundial conmemora a data do 23 de marzo de 1950, na que se constituíu formalmente a Organización Meteorolóxica Mundial.*

## CLIMATOLOXÍA E METEOROLOXÍA

Agora que tanto se fala de cambio climático, convén recordar en que consiste o **clima** para diferenciarlo claramente do **tempo meteorolóxico**.

Enténdese por **clima** dunha zona a análise e o estudo de factores como a temperatura e a pluviosidade (entre outros) desa zona, tomados en períodos de tempo nunca inferiores a trinta anos. O clima é, polo tanto, un valor medio, un valor estatístico dos factores antes citados. Así, en climatoloxía utilízanse unhas gráficas chamadas diagramas ombrotérmicos, que permiten saber, para cada mes do ano, cales son os valores medios e, polo tanto, esperados de temperatura e pluviosidade nese lugar.

En función disto, pódense establecer tipos xerais de climas, tales como o clima continental, o desértico, o polar, etc., existindo tamén subclimas dentro destes.

Por outra banda, cando falamos de **tempo meteorolóxico**, estámonos a referir a condicións atmosféricas tales como a intensidade e dirección do vento, a temperatura, a pluviosidade, a humidade relativa, a luminosidade... que se dan nese lugar **nun instante determinado**. É dicir, que, independentemente do clima dese lugar, a meteoroloxía dínos que nese lugar está chovendo agora mesmo ou se choverá mañá, se sopra o vento, se loce o sol, etc.

Son os **centros meteorolóxicos** os que fan as prediccións que adoitamos ver na televisión, cando o "home do tempo" nos presenta o mapa de isóbaras, con anticiclóns ou borrascas.

Por último, pódese dicir que as **prediccións meteorolóxicas** perden precisión canto máis longo sexa o seu período de predicción, non debendo superar este nunca as 72 horas.

## La Voz de Galicia

### NAS CÍES CHOVE A METADE QUE EN VIGO

As illas gozan dun clima tipicamente mediterráneo a dez quilómetros da cidade, mentres que Fornelos rexistra as maiores precipitacións de Galicia polas súas montañas.

Que o tempo está tolo é algo que os galegos saben ben. Nun só ano pasouse das inundacións do século á segunda peor seca en corenta anos. Agora que volven as precipitacións, a moitos sorprenderaos saber que non chove igual para todos, por máis que se trate de veciños separados por uns poucos quilómetros.

Nas Illas Cíes só chove a metade que en Vigo: é un dato científico. E en Fornelos de Montes, que é o municipio máis húmido de toda Galicia, chove un 50% máis que en Vigo.

### Orografía


Primeira reacción: ¿como é posible? Os expertos veno moi sinxelo. Din que as nubes descargan alí onde atopan maiores obstáculos físicos; é dicir, que a fronte que entra polo Atlántico adoita pasar de longo polas Cíes, tomar o seu primeiro contacto serio na costa e cebarse algo máis coa Serra do Suído, que forma parte da denominada Dorsal Galega.

O fenómeno é ben curioso. As illas, situadas a uns dez quilómetros da cidade, teñen un clima mediterráneo. O de Vigo é tipicamente atlántico e o de Fornelos, centroeuropeo.

«Sen dúbida trátase dunha configuración que chama a atención, con zonas contiguas onde se dá unha diferenza de precipitacións bastante acusada», di Juan Taboada, un dos responsables de Meteogalicia, unidade de predicción meteorolóxica da Universidade de Santiago que depende da Consellería de Medio Ambiente.

The screenshot shows the AEMET website interface. At the top, there are navigation links like 'Inicio', 'Noticias', 'Mapa Web', 'Ayuda Web', and 'Contactar'. Below that, there's a search bar and a 'Favoritos' button. The main content area is titled 'Predicción por Localidades. Pontevedra (Pontevedra)'. It includes a table with weather data for various dates from March 25 to June 31. The table columns are labeled with dates and the rows include 'Estado del cielo', 'Prob. precip.(%)', 'Cota nieve prov.(m)', 'T. Máxima (°C)', 'T. Mínima (°C)', 'Viento', and 'Índice UV Máximo'. Below the table, there are dropdown menus to select the municipality and province. At the bottom, there's a note about the forecast's accuracy and a 'Atención al público' logo.

The screenshot shows the Meteogalicia website interface. At the top, there are navigation links like 'Inicio', 'Saber más', 'Documentos', and 'Usuarios'. Below that, there's a search bar and a 'MeteoEscuelas' button. The main content area is titled 'Estaciones escolares' and shows a list of schools. The selected school is 'Estación IES A Xunqueira I'. To the right of the school name, there's a map of Galicia with a red dot indicating the school's location. Below the map, there's a table with station information: 'Nombre: IES A Xunqueira I', 'Concello: Pontevedra', 'Lonxitude: 52985 UTMx-29T', 'Latitude: 469850 UTMx-29T', and 'Altitude: 10 m.'. At the bottom, there's a 'Consulta de datos' button.



## Vertentes

As Illas Cíes son un caso especial por máis razóns. Presentan dúas vertentes de características morfolóxicas moi distintas. A occidental é abrupta, unha especie de cantil erosionado pola acción do vento e do mar. O lado oriental é suave. Ao estar protexido, goza dunhas praias tan fermosas como famosas, de area extremadamente fina, e dunhas dunas singulares. Esta parte, loxicamente, tamén está máis a resguardo das choivas. O conxunto é o que converte a Vigo nun dos portos naturais máis seguros do mundo, ao estar perfectamente abrigado.

Fornelos, por contra, é o punto que rexistra máis precipitacións de Galicia. Non é de estrañar que no seu día (alá polos primeiros setenta) fose elixido para construír a maior presa do sur de Galicia, o encoro de Eiras, que abastece á poboación de Vigo e a boa parte da súa bisbarra. Recolle as precipitacións do sistema montañoso que linda coa provincia de Ourense e do que forman parte tamén os municipios da Lama e do Covelo: a lastimosamente castigada polos incendios Serra do Suído. Aquí, a temperatura media anual rolda os 13 graos e a precipitación supera os dous mil litros por metro cadrado.

Outro experto, o xefe de Climatoloxía do Centro Meteorolóxico Territorial en Galicia, adverte sobre unha curiosidade engadida: a zona do Ribeiro é a máis seca de Galicia, onde menos chove ao cabo do ano.

## Contraste

É dicir, que, de continuarse esa viaxe imaxinaria en liña máis ou menos recta desde as Cíes ata ben entrada a provincia de Ourense, atopamos os cambios máis bruscos que poidan darse en toda a comunidade. De estar en mangas de camisa a non desprenderse do chubasqueiro. E, de súpeto, no Ribeiro, a masa de aire chega bastante máis seca.

# UN LIBRO

O libro “A variabilidade natural do clima en Galicia” é unha recompilación de traballos que reflicten o aumento da temperatura na nosa comunidade e os seus efectos sobre o cambio climático.

Editado pola Consellería de Medio Ambiente e polo departamento de publicacións da Fundación Caixa Galicia, este traballo recolle nun dos seus capítulos un estudo de Juan Taboada, Raquel Cruz e Ana Lage no que por vez primeira, e desde un punto de vista científico, se analiza o cambio climático en Galicia.

As conclusións deste texto, chamado a ser o manual de referencia sobre o clima en Galicia, agoiran un futuro climático para Galicia con temperaturas moito máis altas que as actuais e chuvias moi escasas durante o verán.

Ademais, o estudo sinala datos como os seguintes:

- A temperatura media anual galega aumentou 1,46º de media no período 1973/2004.
- O aumento da temperatura foi maior nas cidades do interior que nas costeiras.
- Os meses de primavera son os que mostraron o maior incremento de temperatura media, máxima e mínima, especialmente o mes de marzo.
- A magnitude da precipitación anual non variou e o descenso significativo observado en febreiro suxire a posibilidade dun cambio na distribución das precipitacións ao longo do ano.

O autor conclúe que a actividade humana altera o clima e produce efectos ecolóxicos nocivos . Ao longo da historia, foi un factor determinante no desencadeamento da fame, as pragas ou os éxodos migratorios. Na actualidade os seus efectos poden ser devastadores.

Cómpre, pois, o desenvolvemento de sistemas de predicción a longo prazo e o establecemento de estratexias de desenvolvemento sustentables.

